

## **ACTA DE REUNIÓN EXTRAORDINARIA DE XUNTA GOBERNO**

**DATA:** mércores, 26 de xaneiro de 2022

**LUGAR:** Modalidade a través da Plataforma Zoom

**HORARIO:** 17.00 – 20.45

**REDACTORA ACTA:** Nerea Fernández Gómez

### **RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES:**

Miriam Rodríguez Sierra

Pablo Antelo García

Ana María Rodríguez Fernández

Laura Zapata Criado

María Rosario Capelo Casas

Adriana Vieites Freire

Elena Gómez Fernández

Cristina Díaz Mira

Ana María Vilar Varela

### **RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES**

Antonio Doval Canabal *delega o seu voto* en Miriam Rodríguez Sierra

## ORDE DO DÍA

### 1. Aprobar, se procede, a acta da Reunión Extraordinaria do 19.01.2022

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade a Acta da sesión anterior do 19 de xaneiro de 2022.

### 2. Organización de áreas/proxectos/Consellos da Xunta de Goberno

Expóñense os diferentes organismos e Grupos de Traballo nos que o COTSG está traballando, acordando así a persoa responsable de cada un:

#### NOMEAMENTO EN ORGANISMOS INSTITUCIONAIS

CONSELLO GALEGO DE BENESTAR SOCIAL	Rosi Capelo e Elena Gómez
CONSELLO INTERDEPARTAMENTAL DE COORDINACIÓN PARA A PREVENCIÓN E A ATENCIÓN DAS CONDUCTAS SUICIDAS	Miriam Rodríguez
OBSERVATORIO DE VIOLENCIA DE XÉNERO - G4 Violencias sexuais	Ana Rodríguez e Nerea Fernández
CONSELLO TÉCNICO DE ATENCIÓN PRIMARIA	Isabel Fernández, Miriam Rodríguez e Antonio Doval
COMISIÓN GALEGA DE COORDINACIÓN E SEGUIMENTO DA ACTIVIDADE FRONTE Á INFECCIÓN POR VIH/SIDA E OUTRAS ITS	Isabel Redondo Zambrano (Centro de saúde de Vite – SERGAS)
CONSELLO SECTORIAL DE DE SAÚDE DO CONCELLO DE A CORUÑA • GRUPO I (ATENCIÓN PRIMARIA) • GRUPO II (AUTONOMÍA E COIDADOS)	Belén Vazquez e Miriam Rodríguez
CONSELLO SECTORIAL DE INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE A CORUÑA	Pablo Antelo e Ana Vilar
REPRESENTACIÓN EN UNIÓN PROFESIONAL	Antonio Doval
GRUPO DE ELABORACIÓN DO BORRADOR DO PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E	Emma María Seoane e Laura Zapata

INTERVENCIÓN DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO.	
SUPLENTE DA COMISIÓN DEONTOLÓXICA DO CONSELLO XERAL	Elena Gómez Fernández
<p>CONSELLO XERAL</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• GRUPO DE TRABALLO NOVO MODELO DE SERVIZOS SOCIAIS CONSELLO GENERAL</li> <li>• Collegium</li> <li>• Congreso Estatal</li> <li>• Carné colexial</li> <li>• Consello Redactor da Revista estatal de Traballo social</li> <li>• Proxecto Feder</li> </ul>	Ana Vilar e Miriam Rodríguez

### REPRESENTACIÓN EN COMISIÓNS E GRUPOS DE TRABALLO

#### COMISIÓNS

COMISIÓN DEONTOLÓXICA	Ana Vilar
COMISIÓN DE INFANCIA E FAMILIA	Rosi Capelo e Elena Gómez

#### GRUPOS DE TRABALLO

SAF	Adriana vieites e Cristina Díaz
INCLUSIÓN SOCIAL	Pablo Antelo e Laura Zapata
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	Cristina Díaz e Belén
SAÚDE	Miriam Rodríguez e Isabel Fernández
FEMINISMOS "As sementeiras"	Ana Rodríguez e María Borrajo
EXERCICIO LIBRE	Miriam Rodríguez e Ana vilar
TRABALLO SOCIAL E EDUCACIÓN	Laura Zapata e Ana Rodríguez

#### MESAS DE TRABALLO

Mesa de SAF e Comunitarios (ordenanza de SAF)	Ana Vilar/ Adriana
Novo Modelo de Servizos sociais en Galicia	Ana Vilar e Cristina Díaz

### ÁREAS PERMANENTES/ A CONTINUAR

ÁREA DE FORMACIÓN	Xunta de Goberno
ÁREA XURÍDICO – LABORAL (Defensa da profesión)	Cristina Díaz, Adriana V e Pablo Antelo
ÁREA DE COMUNICACIÓN	Ana Rodríguez e Laura Zapata
REVISTA FERVENZAS / PUBLICACIÓNS	Rosi Capelo e Ana Vilar
QUENDA DE GARDA SOCIAL EN V.X	Ana Rodríguez e María Borrajo
NOVO MODELO DE SERVIZOS SOCIAIS EN GALICIA	Ana Vilar e Cristina Díaz Elena Gómez
SOFTWARE	Antonio Doval
REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL	Miriam Rodríguez
CONVENIOS	Xunta de Goberno
MATIASS (Novo portal en marcha)	Pablo Antelo e Ana Rodríguez

### PROXECTOS PENDENTES

XUSTIZA (posible Comisión)	-
SERVICIO DE MEDIACIÓN DO COTSG	-
GRANDES EMERXENCIAS E CATÁSTROFES	Antonio Doval
OBRIGATORIEDADE DA COLEXIACIÓN /	Antonio Doval
RECLAMACIÓN DE COTAS	
SUPERVISIÓN	-
TALLERES AUTOCOIDADADO	-
VIVENDA (Documental “A vivenda, un ben social”?)	-

Asemade, acordan que:

- Solicitar unha reunión coa Consellería de Educación para trazar liñas de colaboración

### **3. Solicitude de ampliación de Teletraballo da Asesora xurídica**

A Secretaria do COTSG, Ana Rodríguez, expón a solicitude recibida da Asesora Xurídica conforme a petición de ampliación da súa situación de Teletraballo en Madrid ata o 31/03/2022, engadindo que será para realizar unhas prácticas curriculares dunha especialización que cursa na actualidade. .

A xornada continuaría como na actualidade: Luns de 09.00h a 14.00h, martes de 09-00h a 14.00h e xoves de 09.00h a 15.00h e de 16.00h a 18.00h.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aceptar a solicitude.

### **4. Día Mundial do Traballo Social**

A Xunta de Goberno aproba que a vogal Elena Gómez sexa a responsable da organización do Día Mundial do Traballo social.

### **5. Aprobar, se procede, a resolución definitiva das listaxes profesionais do Colexio profesional**

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade as listaxes definitivas profesionais do COTSG.

### **6. Aprobar, se procede, o orzamento presentado pola empresa “Mbuxan” do novo Software**

A Técnica do COTSG, Nerea Fernández, expón o orzamento presentado pola empresa “Mbuxan” en virtude das necesidades do COTSG, xa que o sistema de base de datos está desactualizado e desfasado desde un punto de vista tecnolóxico. Asemade, Ana Rodríguez informa dos problemas que se teñen coa empresa contratada anteriormente para a elaboración do Sofwtware e de todos os erros que deixaron sen solucionar unha vez entregado o novo sistema.

Neste senso, a Xunta de goberno acorda solicitar información á asesora xurídica respecto a unha posible demanda xudicial á anterior empresa previamente a encargar o traballo a outra distinta. E necesario saber que repercusións tería a nova contratación no percorrido da demanda contra a empresa incumplidora. ,

### **7. Estudar a solicitude da Persoa Colexiada N°865**

A vogal Laura Zapata, expón que a persoa colexiada n°865 solicítalle ao COTSG realizar a presentación dunha novela da súa autoría.

Tras a valoración técnica da solicitude, a Xunta de Goberno acorda que se lle informe á persoa colexiada de que as presentacións de libros que se realizan na biblioteca da sede do COTSG redúcense aos que tratan aspectos técnicos e metodolóxicos da disciplina do Traballo social.

Entendese máis axeitado propoñerlle a persoa solicitante unha entrevista para o Blog sobre o proxecto *Em Creativa*.

## 8. Rogos e preguntas

- A situación de illamento por COVID-19 dunha familiar dunha persoa traballadora do COTSG evidenciou a necesidade de establecer medidas que posibiliten a conciliación da actividade laboral e a atención necesaria de menores de 12 anos ou de persoas dependentes que por razóns de idade, enfermidade ou discapacidade necesiten coidado persoal directo. Polo que a Xunta de Goberno acorda propoñer como medida de conciliación ás persoas traballadoras do COTSG a **modalidade de teletraballo** para os casos nos que, como responsables de familiares que estean na situación anterior, poidan resultar afectadas polo peche de centros educativos ou de calquera outra natureza que dispensasen coidado ou atención á persoa necesitada dos mesmos cando concorran **circunstancias excepcionais relacionadas coas actuacións necesarias para evitar a transmisión comunitaria do COVID-19.**

Altas:	Baixas:
4177 4178 4179 4180 4181 4182	1528 3546 3488 3841 102 3999
4183 4184 2921 4185 4186 4187	127 1998 582 3455 2108 3828
4188 860 460 4189 4190 4191 3103	4139 224 3541
4192 1314 3572 4193 4194 4195	
4196 4197 4198 3688	
<b>Total colexiados/as:</b>	3173


Visto e prace:

A Presidenta



Asdo: Miriam Rodríguez Sierra

A Secretaria



Asdo: Ana María Rodríguez Fernández

